

LUGO

Anuncio

Por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión extraordinaria e urxente do día 29 de decembro de 2014, polo que se aprobou a forma de adxudicación por procedemento aberto para a CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DAS OBRAS

PAVIMENTACION EN MARINA ESPAÑOLA (LOTE 1), PAVIMENTACION EN ORTEGA Y GASSET (LOTE 2), PAVIMENTACIÓN EN RÚA CORNUBIA (LOTE 3) E PAVIMENTACIÓN EN RÚA PINTOR CORREDOIRA (LOTE 4).

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

- a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.
- b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

- a) **Descrición do obxecto:** CONTRATACIÓN MEDIANTE LOTES DAS OBRAS PAVIMENTACION EN MARINA ESPAÑOLA (LOTE 1), PAVIMENTACION EN ORTEGA Y GASSET (LOTE 2), PAVIMENTACIÓN EN RÚA CORNUBIA (LOTE 3) E PAVIMENTACIÓN EN RÚA PINTOR CORREDOIRA (LOTE 4).
- b) **Prazo de execución de cada obra:** UN MES contados a partires do día seguinte ó da sinatura da acta de comprobación de replanteo de cada obra

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) **Tramitación:** ordinario
- b) **Procedemento:** aberto

4.- **Valor estimado do contrato** tendo en conta a totalidade dos CATRO lotes ascende a 171.074,38 euros IVE excluído.

5.- Orzamento máximo de cada LOTE (tipo de licitación):

PAVIMENTACION EN MARINA ESPAÑOLA (LOTE 1)
Prezo de licitación: 37.000 euros IVE incluído

PAVIMENTACION EN ORTEGA Y GASSET (LOTE 2)
Prezo de licitación: 29.000 euros IVE incluído

PAVIMENTACIÓN EN RÚA CORNUBIA (LOTE 3)
Prezo de licitación: 39.500 euros IVE incluído

PAVIMENTACIÓN EN RÚA PINTOR CORREDOIRA (LOTE 4)
Prezo de licitación: 101.500 euros IVE incluído

6.- **Garantías definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE para cada lote

7. Obtención de documentación e información.

- a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.
- b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
- c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
- d) **Teléfonos:** (982) 29-72-56, 29-73-01.
- e) **Telefax:** (982) 29-72-59.
- f) **Dirección internet:** www.lugo.es (Zona de servizos: perfil do contratante)
- g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

8.- Requisitos específicos do contratista.

- a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de cláusulas administrativas

9.- Obrigas contractuais esenciais e condicións esenciais de execución:

Este contrato ten condición esencial de execución prevista na cláusula decimo sétima do prego de cláusulas administrativas (art. 227 y 228. bis TRLCSP)

Este contrato inclúe obrigas contractuais esenciais prevista na cláusula décimo novena do prego de cláusulas administrativas.

10.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

- a) **Data límite de presentación:** 26 días naturais contados a partires do día seguinte ó da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.
- b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula decima do prego de condicións.
- c) **Lugar de presentación:**

1ª Entidade: Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares establecidos no prego de condicións.

2ª Domicilio: Ronda da Muralla, 197

3ª Localidade e c.p.: Lugo, 27002

d) Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta : dous meses.

11.- Apertura das ofertas.

a) Entidade: Concello de Lugo

b) Domicilio: Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) Localidade: Lugo

d) Data: ó segundo día natural posterior o remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

12.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

13.- Gastos dos anuncios: 176,54 euros que serán por conta do adxudicatario de cada lote de modo proporcional ó importe de adxudicación de cada obra.

Lugo, 9 de xaneiro do 2015.- O ALCALDE, 8ª. TENENTA-ALCALDE DA AREA, POR SUPLENCIA DA TITULAR DA AREA DE ECONOMIA, EMPREDEMENTO, AUTONOMOS E EDUCACION, Rosana Rielo Rozas

R. 0734

O PÁRAMO

Anuncio

Por Decreto de Alcaldía de data 27 de novembro de 2014, acordouse a adhesión do Concello á Plataforma Electrónica FACE - Punto Xeral de entrada de Facturas electrónicas da administración do Estado.

Nas Bases de Execución do Orzamento 2015, aprobadas polo Peno da Corporación na sesión do 19 de decembro de 2014, decláranse excluídas da obriga de facturación electrónica, aquelas facturas por importe de ata 5.000,00€.

O que se fai público para xeral coñecemento, de conformidade co disposto na Disposición Adicional sexta da Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas do sector público.

En O Páramo, a 16 de febreiro de 2015.- O Alcalde, Gumersindo A. Rodríguez Liz

R. 0736

A PONTENOVA

Anuncio

De acordo coa resolución da Xunta de Goberno Local acadada na súa sesión extraordinaria de data 24/02/2015, por medio deste anuncio realízase a convocatoria do procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis vantaxosa, con varios criterios de adxudicación, para a adxudicación do contrato de obras de "ACTUACIONES DE MANTENIMIENTO Y MEJORA DE VESTUARIOS Y EQUIPAMIENTO DEL CAMPO DE FÚTBOL DE A PONTENOVA", conforme os seguintes datos:

1. Entidade adxudicadora. Datos xerais e datos para a obtención da información:

a) Organismo: CONCELLO DA PONTENOVA.

b) Dependencia que tramita o expediente: OBRAS e URBANISMO

c) Obtención de documentación e información.

1. Dependencia. CONCELLO DA PONTENOVA e

<http://concellodapontenova.sedelectronica.es/?x=dbWaX9kc5LoYBy4dzBj2eg>

2. Enderezo: PRAZA DO CONCELLO, S/N

3. Localidade e código postal: A PONTENOVA, 27720

4. Teléfono: 982342277

5. Telefax: 982342051